

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 3 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2024/25 (código de procedemento ED311D).

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, determina que o sistema educativo se orientará, entre outros fins, á consecución do pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, á educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal, e ao desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

A Orde ECD/1611/2015, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 29 de xullo (BOE núm. 183, do 1 de agosto), pola que se crean e se regulan os premios nacionais ao rendemento académico do alumnado de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, danza e artes plásticas e deseño, establece que poderá optar aos premios nacionais de educación secundaria obrigatoria o alumnado que obtivese previamente o Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria no ámbito da comunidade autónoma en que finalizase as ditas ensinanzas, fose seleccionado pola súa Administración educativa para participar nos premios nacionais e cumpra os demais requisitos establecidos na citada orde.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consciente da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico a educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, convoca os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico.

En consonancia co anterior, en exercicio das competencias atribuídas no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de conformidade co establecido no artigo 6

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



da citada Orde ECD/1611/2015, e de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro),

DISPOÑO:**TÍTULO PRELIMINAR****Disposicións xerais****Artigo 1. *Obxecto***

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico (código de procedemento ED311D) correspondentes ao curso 2024/25 para o alumnado que finalizase os estudos de educación secundaria obrigatoria neste curso nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, e que cumpra os requisitos establecidos nesta orde.

2. A finalidade destes premios é a de recoñecer e valorar os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo do alumnado que cursou cun excelente resultado académico a etapa de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Para dar cumprimento a tal fin créase a proba dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, en diante a proba PEE.

Artigo 2. *Número, orzamento e características dos premios*

1. Poderanse conceder ata un máximo de 20 premios extraordinarios.

2. A dotación para os premios será de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.423A.480.1 da consellería que convoca, dos orzamentos do ano 2025, que se distribuirán entre as persoas premiadas na mesma contía e que non poderá exceder os 1.000 € por premio. A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado para este fin.

3. O alumnado que obteña o premio extraordinario percibirá a dotación económica, de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 22 desta orde, e ademais recibirá un diploma acreditativo deste. A distinción de obter premio extraordinario farase constar nas certificacións académicas que se emitan.



4. Estes premios son compatibles con outros premios, bolsas e axudas para a mesma finalidade calquera que sexa a súa natureza ou a entidade que a conceda.

5. As persoas que obteñan premio extraordinario poderán concorrer, logo de solicitude, ao correspondente Premio nacional de educación secundaria obrigatoria.

6. A contía do premio extraordinario ten a consideración de subvención, de acordo co artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro). Actualmente, e para efectos fiscais, a contía do premio extraordinario ten a consideración de rendementos de traballo e, polo tanto, estará suxeito ás retencións que legalmente correspondan.

Artigo 3. *Características do procedemento de solicitude dos premios*

O procedemento de solicitude para optar aos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico terá dúas fases diferenciadas, con solicitudes diferentes para cada unha delas:

1. Na primeira fase, todo o alumnado que cumpra os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde e que desexa optar aos premios deberá solicitar primeiramente a matrícula na proba PEE. A dita proba ten un proceso de solicitude de participación propio. Isto é, ten uns requisitos, modelo de solicitude e prazos específicos, e a súa tramitación poderá ser formalizada directamente polo alumnado interesado nos propios centros educativos.

2. Na segunda fase, unha vez publicadas as cualificacións definitivas na proba PEE, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos no artigo 13 deberá formalizar unha solicitude para optar á subvención do Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico na forma, no lugar e prazo indicados no artigo 14 desta orde.

CAPÍTULO I

Proba do Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico

Artigo 4. *Requisitos para a matrícula na proba PEE*

Poderá presentarse á proba PEE o alumnado que cumpra o seguinte requisito:

a) Estar cursando ou ter cursado durante o ano académico 2024/25 cuarto curso de educación secundaria obrigatoria no réxime ordinario en calquera dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o currículo oficial vixente nela.



O requisito relacionado neste artigo deberá posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 5. Forma, lugar e prazo de matrícula na proba PEE

1. O alumnado que reúna o requisito establecido no artigo 4 da presente orde e desexe optar ao Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico deberá formalizar a súa matrícula na proba PEE no xeito que se indica a seguir:

a) O alumnado formalizará a súa matrícula na proba PEE empregando o anexo I que se xunta a esta orde.

b) O alumnado indicará no anexo I os seus datos persoais, os do centro educativo e indicará a lingua estranxeira cursada como primeira lingua e a opción de matemáticas cursada:

– Matemáticas A.

– Matemáticas B.

c) Así mesmo, o alumnado que teña recoñecida a exención de avaliación na materia de lingua galega e literatura en 4º curso de ESO poderá solicitar a través do anexo I a exención da realización do exercicio de lingua galega e literatura da proba PEE.

d) O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no 4º curso de ESO poderá solicitar a través do anexo I a valoración de medidas de adaptación de tempos e/ou medios para a realización da proba. Xuntará unha petición concreta de adaptación e o informe psicopedagóxico emitido polo Departamento de Orientación do centro educativo onde cursase 4º curso de ESO que acredite a condición de necesidades específicas de apoio educativo nese curso.

e) O alumnado, os seus representantes legais ou, no caso de menores de idade, os seus pais, nais ou titores/as legais, presentará a súa solicitude de matrícula na Secretaría do centro en que superase ou estea cursando 4º curso de ESO.

f) O alumnado presentará a súa solicitude de matrícula no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



g) Para resolver as dúbidas relacionadas co procedemento de matrícula, as persoas interesadas poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico premios@edu.xunta.gal

Artigo 6. *Procedemento nos centros educativos en relación coa matrícula na proba PEE*

1. Os centros educativos de educación secundaria tramitarán as solicitudes do seu alumnado que se presenten no tempo e na forma para participar na proba PEE. Así mesmo, entregarán ao alumnado unha copia desta solicitude cunha dilixencia, asinada polo/a secretario/a do centro, onde conste a data de presentación, a modo de xustificante de presentación da dita solicitude.

2. A información proporcionada nas solicitudes será trasladada con celeridade polo/a secretario/a do centro educativo á aplicación informática Avalia (<https://www.edu.xunta.gal/avalia>), segundo as instrucións técnicas que proporcione a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

3. As solicitudes de participación na proba PEE que non sexa posible trasladar á aplicación informática Avalia (<https://www.edu.xunta.gal/avalia>) e todas as que indiquen exención de avaliación de lingua galega e literatura de 4º curso de ESO e/ou solicitude de valoración de medidas de adaptación por necesidades específicas de apoio educativo serán escaneadas e enviadas polo/a secretario/a do centro educativo ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal de xeito inmediato. Todas as solicitudes físicas de matrícula na proba PEE quedarán depositadas nos centros educativos á disposición do Servizo de Avaliación do Sistema Educativo durante un ano completo.

4. Os centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional en que está o expediente académico do alumnado de centros privados enviarán a certificación académica, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da director/a, de educación secundaria obrigatoria do alumnado que non teña todo o seu expediente académico recollido na base de datos da aplicación XADE, na cal se reflicta a cualificación final a que se refire a disposición adicional segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, sen computar as cualificacións das ensinanzas de relixión e do proxecto competencial. Esta certificación enviarase ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal



Artigo 7. *Relación provisional e definitiva do alumnado matriculado na proba PEE*

1. O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo, rematado o prazo de matrícula e logo de examinar as solicitudes de matrícula trasladadas á aplicación Avalia e as recibidas por correo electrónico dos centros educativos, xunto coa documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá a relación provisional de solicitudes de matrícula admitidas e excluídas e os motivos de exclusión, no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

2. O alumnado disporá dun prazo de corrección de erros materiais na matrícula de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación das relacións provisionais de solicitudes de matrícula admitidas e excluídas. Durante ese prazo poderán emendar erros e a falta de documentación, presentando unha reclamación (anexo II) no centro educativo de referencia. O centro educativo dirixirá a reclamación ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal e entregará unha copia da dita reclamación ao/á alumno/a cunha dilixencia, asinada polo/a secretario/a do centro, onde conste a data de presentación, a modo de xustificante de presentación da dita reclamación.

Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición.

O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo publicará a relación definitiva de alumnado admitido e excluído da matrícula no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación da relación definitiva de alumnado admitido e excluído da matrícula.

Artigo 8. *Características da proba PEE*

1. A proba PEE será presencial, en convocatoria única en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e realizarase de forma simultánea nas distintas sedes que estableza a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

2. Será admitido á proba PEE, condicionalmente, o alumnado que na data da súa realización estivese pendente de resolución de emenda da solicitude de matrícula.



3. O alumnado matriculado deberá realizar a proba PEE, con carácter xeral, na sede que lle corresponda segundo o centro educativo en que se atope o seu expediente académico. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá autorizar cambios de sede por causas debidamente xustificadas, logo de solicitude da persoa interesada. A relación das distintas sedes e a listaxe de centros educativos asignados a cada unha delas publicárase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

4. Para a realización da proba PEE, o alumnado matriculado acreditará a súa identidade co DNI, pasaporte, NIE ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

5. O alumnado matriculado con necesidades específicas de apoio educativo deberá facer constar a dita circunstancia na solicitude para que se poidan valorar as medidas de adaptación que se consideren necesarias, e achegar a documentación que acredite tal condición, tal como se especifica no artigo 5 desta orde. Con carácter xeral, as medidas que se prevén son: ampliación de tempo, adaptacións de formato e criterios de corrección específicos segundo o protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Estrutura da proba PEE*

1. A proba estruturarase en dúas partes:

a) A primeira parte constará de diversas cuestións referidas ás seguintes materias de cuarto curso: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, e lingua estranxeira cursada como primeira lingua, agás no caso de alumnado con exención en lingua galega e literatura, que quedará exento da realización da correspondente parte da proba, sempre e cando a dita exención se acredite documentalmente.

b) Na segunda parte o alumnado dará resposta a diversas cuestións teóricas e/ou prácticas, de dúas materias do currículo de cuarto curso:

- Matemáticas A ou matemáticas B, segundo o cursado polo/a alumno/a.
- Xeografía e historia.



2. A primeira parte da proba desenvolverase nun tempo máximo de dúas horas e a segunda parte da proba desenvolverase nun tempo máximo de 90 minutos.

3. Os exercicios da proba cualificaranse entre 0 e 10 puntos cun decimal.

4. A cualificación de cada parte da proba PEE obtérase mediante a suma das cualificacións das materias que a compoñen. No caso de alumnado con exención en lingua galega e literatura só computarán na primeira parte da proba as cualificacións de lingua castelá e literatura e lingua estranxeira cursada como primeira lingua.

5. A cualificación final será a suma das cualificacións obtidas en cada parte da proba PEE.

6. A proba PEE desenvolverase mediante un procedemento que garanta o anonimato do alumnado aspirante durante a corrección de todos os exercicios.

7. En todos os exercicios que compoñen a proba valorarase a corrección das respostas e a demostración de coñecementos; a claridade e calidade da exposición; a coherencia e cohesión dos contidos e a axeitada estruturación e presentación de cada unha das respostas aos exercicios.

Artigo 10. *Tribunal*

1. Para elaborar, supervisar e avaliar a proba PEE, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa designará un tribunal mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia*, no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

O tribunal estará composto por un presidente ou unha presidenta, e ata un máximo de seis vogais, coa categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou inspectores e inspectoras de educación.

O presidente ou a presidenta deberá ser un subdirector xeral ou unha subdirectora xeral, ou un inspector ou unha inspectora de educación.

Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.



2. O tribunal responsabilizarase da elaboración e do desenvolvemento da proba PEE, da corrección e cualificación dos exercicios, da elaboración das actas así como da resolución das reclamacións que se produzan contra as cualificacións.

3. Para os efectos de colaboración co tribunal na aplicación e na corrección dos exercicios da proba PEE, poderanse constituír comisións técnicas integradas por funcionarios e funcionarias dos corpos de inspectores/as de educación, de catedráticos/as de ensinanza secundaria e/ou de profesores/as de ensino secundario, especialistas nas distintas materias dos exercicios que compoñen a proba PEE.

En todo o regulado no presente precepto estarase ao previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Artigo 11. Data e lugares de realización da proba PEE

1. A realización da proba PEE terá lugar o día 26 de xuño de 2025. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá modificar a data de realización da proba PEE por causas debidamente xustificadas.

2. A proba PEE realizarase nos lugares e no horario que se darán a coñecer mediante resolución publicada no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

Artigo 12. Publicación das cualificacións e das reclamacións

1. O tribunal fará públicas as cualificacións provisionais obtidas polo alumnado presentado á proba PEE no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>). Na dita listaxe o alumnado aparecerá ordenado alfabeticamente por apelidos e figurará a cualificación de cada un dos exercicios e a cualificación final obtida.

2. O alumnado, os seus representantes legais ou, no caso de menores de idade, os seus pais, nais ou titores/as legais poderán reclamar por escrito e de forma motivada contra a cualificación provisional obtida. Para facelo deberán presentar unha reclamación (anexo III) no centro educativo onde realizou a matrícula na proba PEE no prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación das cualificacións provisionais. Durante ese prazo o alumnado poderá solicitar a revisión da cualificación dos seus



exercicios e unha segunda corrección, presentando unha reclamación (anexo III) no centro educativo de referencia. O citado centro educativo dirixirá os escritos de reclamación de xeito inmediato ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.gal e entregará unha copia da dita reclamación ao/á alumno/a cunha dilixencia, asinada polo/a secretario/a do centro, onde conste a data de presentación, a modo de xustificante de presentación da dita reclamación. O dito servizo remitirá as reclamacións ao tribunal para a súa análise e resolución.

3. O tribunal encargará a revisión dos exercicios da proba PEE sobre os cales se solicita reclamación a un profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección.

4. Para a revisión dos exercicios nos que fora presentada reclamación o profesor ou profesora encargada seguirá o seguinte procedemento:

a) En primeiro lugar comprobará que non existen erros de cálculo da cualificación e que fora corrixido e valorado todo o exercicio. No caso de existir error de feito ou aritmético modificarase a cualificación tanto á alza coma á baixa, e esta pasará a ser a cualificación provisional actualizada.

b) Posteriormente realizará unha segunda corrección do exercicio. A cualificación final do exercicio resultará da media aritmética entre a cualificación provisional, actualizada de ser o caso, e a cualificación da segunda corrección.

c) No suposto de que exista entre as dúas cualificacións unha diferenza de 2 puntos ou máis, o tribunal efectuará de oficio unha terceira corrección e a cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

5. Finalizada a revisión dos exercicios, o tribunal fará públicas as cualificacións definitivas obtidas polo alumnado presentado á proba PEE no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

6. O tribunal, unha vez rematada a súa actuación, deberá remitir as actas, datos e o resto de documentación ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo.

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



CAPÍTULO II**Subvención do Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico**

Artigo 13. Requisitos das persoas solicitantes do Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico

As persoas solicitantes do Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico deberán cumprir o requisito establecido no artigo 4 desta orde, e ademais:

a) Ter rematado e superado os estudos de educación secundaria obrigatoria no curso 2024/25 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, seguindo o currículo oficial vixente nela, e ser proposto para o título na convocatoria ordinaria do dito curso.

b) Ter acadado nas cualificacións do conxunto dos catro cursos de educación secundaria obrigatoria unha nota media igual ou superior a 9. Esta nota calcularase de acordo ao establecido na disposición adicional segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, sen computar as cualificacións das ensinanzas de relixión e do proxecto competencial.

c) Terse presentado á proba PEE na convocatoria de 2025 e ter acadada unha cualificación total mínima de 30 puntos.

d) Ter acadada, como mínimo, unha cualificación de 5 puntos en cada un dos exercicios da proba PEE.

Todos os requisitos relacionados neste artigo deberán posuírse no día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 14. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes de participación no Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico

1. As solicitudes de participación presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo IV) dispoñible na aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu/>) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, (<https://sede.xunta.gal>), ou directamente desde a propia aplicación PremiosEdu.



Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, os/as representantes legais das persoas solicitantes.

3. Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Xunta de Galicia dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios, poderán dirixirse ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico 012@xunta.gal

Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico premios@edu.xunta.gal

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes a partir do día seguinte ao da publicación das listaxes de cualificacións definitivas da proba PEE da convocatoria de 2025.

Artigo 15. Comprobación de datos para a solicitude de participación no Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Expediente académico dos estudos de educación secundaria obrigatoria cursados pola persoa solicitante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

f) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 16. Documentación complementaria da solicitude de participación no Premio extraordinario de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico

1. As persoas interesadas que subscriban a súa solicitude de participación mediante unha persoa representante, agás aquelas sen capacidade plena de obrar que cursasen os seus estudos en centros públicos ou privados que teñan todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitárselle novamente á persoa interesada a súa achega.

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



2. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por medios electrónicos.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 17. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa solicitante deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario da solicitude de participación. En ausencia de manifestación expresa ningunha, entenderase que a modalidade de notificación escollida é a electrónica.

3. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 19. Relación provisional e definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas ao premio

1. O Servizo de Avaliación do Sistema Educativo, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e logo de examinar estas e a documentación presentada polas persoas solicitantes, exporá a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas e os motivos de exclusión, no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>). Na relación provisional de solicitudes admitidas incluírase a cualificación total e a cualificación en cada unha das dúas partes acadada polas persoas interesadas na proba PEE da convocatoria 2025.



2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando a solicitude non reúna algún dos datos exixidos nela, requirirase a persoa interesada para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días emende a falla ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se non o fixer, darase por desistida da súa petición, logo de resolución ditada nos termos do artigo 21 do citado texto legal. Durante ese prazo poderán emendar erros ou a achegar a documentación a través do anexo V dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), preferiblemente por medios electrónicos, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada e achegarán, se é o caso, a documentación necesaria. Opcionalmente, o anexo V poderase presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A publicación da relación definitiva do alumnado admitido e excluído realizarase no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>). Na relación definitiva de solicitudes admitidas incluírase a cualificación total e a cualificación en cada unha das dúas partes acadada polas persoas interesadas na proba PEE da convocatoria 2025.

As reclamacións entenderanse resoltas e notificadas coa publicación da relación definitiva do alumnado admitido e excluído.

Artigo 20. *Resolución de concesión*

1. Publicada a relación definitiva do alumnado admitido e as súas cualificacións, o Servizo de Avaliación do Sistema Educativo elaborará a proposta de adxudicación dos premios extraordinarios. De acordo co artigo 2 desta orde, seleccionaranse as persoas candidatas coas 20 cualificacións totais máis altas. En caso de empate entre persoas candidatas, consideraranse os seguintes criterios de desempate:

1º. Mellor cualificación da primeira parte da proba PEE.

2º. Mellor cualificación no primeiro exercicio da segunda parte da proba PEE.

3º. Mellor nota media a que se refire o artigo 14.b) desta orde.

4º. Mellor nota media en 4º curso de ESO.

De persistir o empate, realizarase un sorteo.



Os resultados coas cualificacións definitivas das persoas aspirantes publicaranse no portal educativo (<https://www.edu.xunta.gal>) e na páxina de inicio da aplicación informática PremiosEdu (<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>).

2. A persoa titular do Servizo de Avaliación do Sistema Educativo elevará a proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. A relación de alumnado premiado comunicárase á Dirección Xeral de Planificación e Xestión Educativa do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

3. O prazo máximo para resolver este procedemento será de cinco (5) meses desde o día seguinte ao da finalización do prazo de inscrición. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a correspondente resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 21. *Recurso*

A devandita orde de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 22. *Obrigas das persoas beneficiarias*

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e, en caso de resultar beneficiario, a obriga de:

1. Informar o órgano que concede o premio da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.



2. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da citada lei, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, conforme o artigo 10.2.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Remitir ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo o modelo 145 do imposto sobre a renda das persoas físicas a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada na semana seguinte á publicación da orde de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*.

7. Facilitar ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo a titularidade dunha conta bancaria con 24 díxitos e declarar sobre a veracidade dos datos relativos á devandita conta en que se ingresará, mediante transferencia bancaria, a dotación do premio a que se refire o artigo 2.2 desta orde, segundo o modelo do anexo VI, na semana seguinte á publicación da orde de concesión dos premios no *Diario Oficial de Galicia*. Esta entrega efectuarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada.

Artigo 23. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan



na resolución de concesión, dará lugar á obriga da persoa beneficiaria de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24. *Modificación da orde de adxudicación*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios poderá dar lugar á modificación da orde de concesión do premio, conforme o artigo 17.4 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 26. *Instrución do procedemento*

O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Avaliación do Sistema Educativo.

Disposición adicional primeira. *Efectos económicos do tribunal e das comisións técnicas*

Para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, o tribunal e as comisións técnicas ateranse á categoría correspondente que determine a Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública.



Disposición adicional segunda. *Publicación na Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional terceira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Datos persoais do alumnado aspirante*

No referente á obtención dos datos persoais do alumnado aspirante e/ou dos seus representantes legais e á seguridade e confidencialidade destes, observarase o disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta á lexislación española o citado regulamento.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os actos e as medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 5.6.2024; DOG núm. 114, do 13 de xuño)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

CVE-DOG: cbiigq11-ots8-f2c9-org1-ysrhuucvnhfb7



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO	SOLICITUDE DE MATRÍCULA NA PROBA PEE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS DO CENTRO			
CENTRO EN QUE CURSOU 4º DE ESO			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
IES A QUE ESTÁ ADSCRITO (só para alumnado de centros privados)			
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO		

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA CURSADA (marque o cadro correspondente)		
☐ Alemán	☐ Francés	☐ Inglés
☐ Italiano	☐ Portugués	

ELIXA A OPCIÓN CURSADA (marque o cadro correspondente)	
☐ Matemáticas A	
☐ Matemáticas B	

EXENCIÓN	
A persoa aspirante comunica a exención da materia de lingua galega e literatura	☐

ADAPTACIÓN	
A persoa aspirante solicita a valoración de medidas de adaptación por necesidades específicas de apoio educativo	☐



**ANEXO I
(continuación)**

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Publicación de listaxes en páxinas web. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	Persoas interesadas e público en xeral. As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde Orde do 3 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2024/25 (código de procedemento ED311D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data
, de de



ANEXO II

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO	CORRECCIÓN DE ERROS NA MATRÍCULA NA PROBA PEE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

PRESENTA, de acordo co previsto no artigo 7.2 da orde de convocatoria, reclamación contra as relacións provisionais de solicitudes de matrícula admitidas e excluídas:

Motivo da reclamación:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,	de		de	



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO III

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO	RECLAMACIÓN ÁS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DA PROBA PEE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

PRESENTA , de acordo co previsto no artigo 12.2 da orde de convocatoria, reclamación contra a cualificación obtida na(s) materia(s) de:	
☐	Lingua galega e literatura
☐	Lingua castelá e literatura
☐	Lingua estranxeira
☐	Xeografía e historia
☐	Matemáticas A
☐	Matemáticas B

Motivo da reclamación:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE					
Lugar e data					
	,		de		de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO	ED311D 	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
☐ Electrónica , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal					
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
☐ Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		

DATOS DO CENTRO			
CENTRO EN QUE CURSOU 4º DE ESO			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

IES A QUE ESTÁ ADSCRITO (só para alumnado de centros privados)	
CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA EXAMINADA NA PROBA PEE (marque o recadro correspondente)		
☐ Alemán	☐ Francés	☐ Inglés
☐ Italiano	☐ Portugués	



ELIXA A OPCIÓN EXAMINADA NA PROBA PEE (marque o recadro correspondente)

- ☐ Matemáticas A
- ☐ Matemáticas B

EXENCIÓN

A persoa aspirante comunicou a exención da materia de Lingua Galega e Literatura na proba PEE

☐

ADAPTACIÓN

A persoa aspirante solicitou a valoración de medidas de adaptación por necesidades específicas de apoio educativo na proba PEE

☐

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que acepta todas as bases da convocatoria e que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que se compromete a comunicar a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado, a partir desta declaración.
7. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Que se compromete a manter os devanditos requisitos durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito, de maneira que, se durante este período deixa de cumprir algún dos requisitos detallados na declaración, comunicarllo ao órgano xestor.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (As persoas interesadas que subscriban a súa solicitude de participación mediante unha persoa representante, agás aquelas sen capacidade plena de obrar que cursasen os seus estudos en centros públicos ou privados que teñan todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE)

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Acreditación da representación no caso de actuar por medio de representante			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Expediente dos estudos de ESO cursados pola persoa solicitante	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ SI ☐ NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Publicación de listaxes en páxinas web. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	Persoas interesadas e público en xeral. As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 3 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2024/25 (código de procedemento ED311D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO V

RECLAMACIÓN CONTRA AS RELACIÓNS PROVISIONAIS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS
ED311D - PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

PRESENTA, de acordo co previsto no artigo 19.2 da orde de convocatoria, reclamación contra as relacións provisionais de solicitudes admitidas e excluídas:

Motivo da reclamación:

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO VI

COMUNICACIÓN DE DATOS BANCARIOS

ED311D - PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE ESO AO RENDEMENTO ACADÉMICO

DATOS DA PERSOA PREMIADA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

SINATURA DA PERSOA PREMIADA OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

